

A Mesa e a AELG levan á ONU a situación da lingua galega

O presidente e a vicepresidenta da Mesa pola Normalización Lingüística e o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), presentaron esta terza feira en Xenebra (Suíza) diante da Organización de Nacións Unidas (ONU) o informe da situación do galego para que se teña en conta no 49º exame universal ao Estado español. O informe leva o aval de 26 persoeiros da cultura de países lusófonos.



Redacción 29/abr./25

O presidente da Mesa, **Marcos Maceira**, e **Elsa Quintas**, vicepresidenta, xunto con **Cesáreo Sánchez**, presidente da AELG, destacaron do informe “os incumprimentos de acordos internacionais en relación aos dereitos lingüísticos por parte do Estado español e, nomeadamente, da Xunta de Galiza”.

Estes incumprimentos, segundo sinalaron, “afectan á educación e dereitos da infancia, prevención do acoso por razón de lingua, dereitos civís e dereitos políticos, administración de xustiza, dereito ao propio nome, liberdade de prensa, administración e servizos públicos, toponimia, forzas e corpos de seguranza, audiovisual, concesións públicas de xestión privada e ámbito económico e laboral ou saúde”, dixo Maceira.

O presidente da Mesa e portavoz da Plataforma Cidadá Queremos Galego, reivindicou que “**traemos á ONU a voz das rúas que se mobilizaron en novembro e febreiro a favor do galego**, e das miles de persoas que en maio volverán encher Compostela cunha multitudinaria foliada polo idioma”. Criticaron A Mesa e a AELG “a política de exclusión do galego” por parte das institucións que, segundo dixeron, “debe ser combatida nas rúas e nas institucións que teñen como obxectivos garantir os dereitos humanos e poder usar a lingua propia sempre e en todo lugar, ao ser este un dereito humano”.

Destacaron o vindeiro **17 de Maio, Día das Letras Galegas**, como unha nova “expresión da nosa forza colectiva”. Elsa Quintas lembrou que a Xunta da Galiza “continúa negándose a aplicar os requirimentos do Consello de Europa ou do relator especial da ONU para as minorías” e reclamou eliminar “as restricións ao uso do galego no ensino, na docencia e material didáctico”.

Emerxencia do idioma

Pola súa banda, Cesáreo Sánchez, presidente da AELG, agradeceu o apoio internacional ao galego como “berce do portugués, o corazón e a vida da Galiza” e alertou de que o idioma “está en emerxencia no seu territorio orixinario”. Sánchez denunciou en Xenebra que tamén “os

escritores e escritoras estamos a ser excluídos da nosa función de construtores do idioma, impedindo que as nosas obras en galego poidan ser socializadas".

Os representantes galegos diante da ONU exemplificaron onte esta **“vulneración de dereitos”** respecto do idioma galego en leis recentemente aprobadas e tramitadas pola Xunta da Galiza –coa maioría absoluta do PP no Parlamento galego–, como a da Intelixencia Artificial ou a nova lei que regula a Compañía de Radio e Televisión da Galiza, que criticaron que tamén “aumenta o control partidario do PP” sobre os medios público galegos. Ademais, denunciaron a eliminación das garantías lingüísticas nos campamentos de verán por parte da Xunta, o que “abre a porta a que deixe de usar o galego”.